



## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PARA AS PROBAS DO CELGA 2

**Código do Procedemento: PL500C**

De acordo co previsto na resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística do 29 de agosto de 2022, pola que se convocan as probas para a obtención do Certificado de Lingua Galega nivel 2, e logo de revisar as solicitudes presentadas,

RESOLVO:

- Aprobar as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas.
- Ordenar a publicación na web [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal).

As persoas excluídas disporán dun prazo de 10 días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

En todo caso, as persoas que presenten emendas enviaranlle un correo electrónico á Secretaría Xeral de Política Lingüística, á conta [sxpl.probascelga@xunta.gal](mailto:sxpl.probascelga@xunta.gal), no cal indicarán o día en que presentaron a emenda e o contido desta.

ANEXO: listaxes por localidade.

Mediante este documento notifícaselles aos interesados o contido desta resolución, segundo o esixido no artigo 40.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, de 2 de outubro de 2015), xa mencionada anteriormente.

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

